

ACTIVIDADES EN XULLO PARA NENAS E NENOS

- **No 7 ou 8 de xullo, ás 11h ou ás 12h30, construiremos as obras do Mestre Andrade co Sistema Lupo.** (Idades de 10 a 12). Son varias sesións do mesmo taller, polo que teríades que escoller un dos días e unha das horas ofertadas.

Faremos unha pequena viaxe na que visitaremos as obras máis destacables do arquitecto Domingo de Andrade, coñecéndoas e situándoas, tralo que nos poñeremos os cascos de obra e comezaremos a reconstruír, cos nosos Lupos, algunha destas grandes edificacións.

Lupo é un sistema educativo que utiliza a arquitectura como disciplina transversal clave para interpretar a realidade que nos rodea e introducirmos no coñecemento de moitos campos e disciplinas.



CONSTRUINDO AS OBRAS DO MESTRE
ANDRADE CON LUPO

**VISITAS DIDÁCTICAS AO
MUSEO DO POBO GALEGO**

OBRADEIROS PARA NENOS E NENAS DE 10 A 12 ANOS
4 QUENDAS: 7 E 8 DE XULLO, HORARIOS: DE 11 A 12.30 H

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS: A PARTIR DO 22 DE XUÑO NO
TEL 981 528 750 - CSC DAS FONTIÑAS



- **O 9 de xullo, ás 12h30, teremos unha sesión de Barrocó, narración oral e música con Rilo&Penadique** (Idades de 6 a 8).

9 DE XULLO 2020	RILO & PENADIQUE	VISITAS DIDÁCTICAS DOS CSC AO MUSEO DO POBO GALEGO
INSCRICIÓN NO TEL 981 528 750 CSC DAS FONTIÑAS A PARTIR DO 22 DE XUÑO	BARROCÓ ESPECTÁCULO DE NARRACIÓN ORAL E MUSICAL PARA NENOS E NENAS DE 6 A 8 ANOS	12.30



Santiago de Compostela. Ano 1700. DON-DON-DON-DON-DON-DON-DON. Tocan as sete da tarde na Berenguela. As rúas ategadas de xente cheiran a pan e a ouriñal. Óense o ruxerruxe dos carros cargados de pedra e o cantar dos punteiros. PIMPAM-PIM-PAM. O Mestre Maior pasea do Pombal á catedral. As lavandeiras fan a revolución... e unha nai sae á xanela berrando polos fillos perdidos: "Ai meus nenos, meus nenños". Ao lonxe, no monte, os lobos...

- ✔ **Obradoiros coorganizados coa Rede de Centros Socioculturais de Santiago de Compostela.**
- ✔ **Ambas as actividades enmárcanse no Ano Andrade, e procuran achegar a figura de Domingo de Andrade aos e ás máis pequenas, para que poidan coñecer máis deste mestre que deseñou a reforma barroca de Bonaval coa súa escaleira única.**
- ✔ **Aforo reducido e con medidas de seguridade precisas.**
- ✔ **Inscricións no teléfono do Centro Sociocultural As Fontiñas: 981 528750**



**Museo do
Pobo Galego**

**Co apoio de Compostela Cultura ▪ Cultura galega - Xunta de Galicia ▪
Cultura da Deputación da Coruña**